



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Reunión da Comisión Paritaria de Interpretación do Acordo Horario de Vixilancia Aduaneira

Despois de máis de catro anos desde a última reunión hoxe convocouse a Comisión Paritaria de vixilancia, interpretación e seguimento do Acordo Horario de Vixilancia Aduaneira. Dita convocatoria ven dada por execución de sentenza tras a denuncia que a CIG interpuxo no Xulgado Central Contencioso-Administrativo de Madrid. Lembra que a CIG, en solitario, foi a única organización sindical que levou aos tribunais a Vixilancia Aduaneira e por tanto, á AEAT, pola súa inoperatividade ante os reiterados intentos, infructuosos, de que se reunise a Comisión Paritaria do Acordo Horario.

Asistiron á reunión o Subdirector de Relacións Laborais da AEAT (en calidade de Presidente da Comisión Paritaria) e por Vixilancia Aduaneira un dos responsables de Persoal. A Directora do Servizo de Vixilancia Aduaneira, coma sempre, desaparecida en combate, imaxinamos que seguindo a dinámica existente nos últimos tempos polos responsables de Vixilancia Aduaneira non ten o máis mínimo interese nos temas que afectan ao seu persoal.

Desde a CIG expuxemos, e así consta na acta da reunión, os seguintes asuntos:

- O Acordo Horario para Vixilancia Aduaneira establece que a Comisión Paritaria é a única que pode facer interpretacións das condicións horarias e de traballo dos funcionarios de Vixilancia Aduaneira. Desde o ano 2006, data na que se reuniu por última vez a Comisión Paritaria, a Dirección de Vixilancia Aduaneira, con complicidade do Director da AEAT e a Directora de RRHH, están a vulnerar, día tras día, o Acordo Horario, tomando decisións unilaterais inxustas e ilegais e que repercuten negativamente tanto na vida privada (conciliación vida familiar, vacacións, permisos...) como na laboral dos traballadores (excesos horarios, impago de horas extras, descansos do Buque de Operacións Especiais, asignación de funcións que non corresponden á categoría profesional...). Denunciaremos aos tribunais a todos aqueles que fagan interpretacións unilaterais do Acordo sen contar co dictamen da Comisión Paritaria do Acordo Horario.

- Denunciamos tamén a situación de indefensión na que se atopan os funcionarios de Aduanas, pois a todo o anterior únese que Vixilancia Aduaneira non contesta ós escritos que, para a súa defensa, presentan os funcionarios afectados por decisións ilegais do xefe de turno. Traballadores que moitas veces arriscan a súa vida mentres a AEAT recompénsalles



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

facendo interpretacións sesgadas e interesadas do Acordo Horario asinado polos seus representantes.

- Remitiremos á Comisión Paritaria unha relación coas cuestións que figuran no Acordo Horario e que se están a incumprir pola AEAT ou nas que hai interpretacións dispareas (comisións de servizo, custodias, rotacións...etc, etc). Tamén remitiremos as reclamacións presentadas polos funcionarios que, incluíndo cuestións que figuran no Acordo Horario, aínda seguen sen resposta.

- Pedimos tamén a convocatoria dunha Mesa Técnica ou Xeral para Vixilancia Aduaneira para ir tratando todas aquelas cuestións que, estando fóra do Acordo Horario, son de moito interese para o persoal de Vixilancia Aduaneira (segunda actividade, por exemplo) e que se reúna, dunha vez, a Mesa de Saúde Laboral específica para este colectivo.

Como o aspecto máis positivo da xuntanza sulñar que a AEAT comprometeuse e, así o fixo constar na acta da reunión, a reunir á Comisión Paritaria cada trimestre para ir avanzando en todas as cuestións que vaian xurdindo e presentando as organizacións sindicais asinantes do Acordo. A actitude, desde logo, foi moi positiva pero agora hai que ver se se levan a cabo todos os compromisos que saliron da xuntanza de onte. Se non é así, non dubidaremos en acudir de novo a xustiza para a defensa dos dereitos dos traballadores de Vixilancia Aduaneira.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM